

Co inicio do novo curso, o **Club de Lectura da Biblioteca de Caldas** de Reis, retoma a súa actividade. Os clubs de lectura están formados por grupos de persoas afeccionadas á lectura que se reúnen periodicamente para comentar un libro proporcionado pola biblioteca

Non fai falta ser un experto lector, o club de lectura está pensado para persoas con inquietudes culturais, ganas de ler e intercambiar opinións con outras persoas. En realidade, o libro só é un punto de partida.

As reunións realízanse na biblioteca o último xoves de cada mes, a última hora da tarde. Para participar nesta actividade **gratuita pero con prazas limitadas** débese contactar co persoal da biblioteca. Lembremos o teléfono, 986530604, o correo electrónico biblioteca@caldasdereis.com e o horario: de luns a venres de 10.00 a 13.30 horas e de 17.00 a 20.00 horas e de 10.30 h e 13.00 horas, os sábados.

